



Por resolución da presidencia núm. 23365, do 5 de xullo de 2019 (modificada por resolución núm. 24653, do 18 de xullo de 2019) foi aprobada a convocatoria da “**XXXI COPA DE FÚTBOL DEPUTACIÓN DA CORUÑA**”, que se desenvolverá segundo as seguintes

BASES

1. PARTICIPANTES

Tomarán parte na competición cincuenta e catro equipos da provincia que militan en 2ª División B, Terceira División, Preferente Galicia e Primeira Autonómica na tempada 2018/2019.

Os equipos participantes son os seguintes:

Segunda División B (1 equipo)

R.C. Deportivo de La Coruña

Terceira División (7 equipos)

U.D. Somozas
C.D. Boiro
Bergantiños F.C.
Sociedade Deportiva Compostela
Silva S.D.
Laracha C.F.
Club Union Deportiva Paiosaco Hierros Añón

Preferente Autonómica (13 equipos)

Club Deportivo As Pontes.
Sociedad Deportiva Dubra
Sociedad Deportiva Club Órdenes
Casino Sociedade Deportiva Arzúa
Xallas F.C.
Club Atlético Arteixo
Sociedad Deportiva Sofan
Club de Fútbol Boimorto
Club San Tirso S.D.
Sociedad Deportiva Negreira
Club Fútbol Noia
Puebla Club de Fútbol
Atlético Coruña Montañeros

Primeira Autonómica (33 equipos):

Sociedad Deportiva y Cultural Galicia de Mugardos
Sporting Sada Sociedad Deportiva.
Sociedad Deportiva Miño
S.D. O VAL
Victoria F.C.
Sociedad Deportiva Eumesa
Union Deportiva Carral
Club Olímpico de Rutis
Cedeira Sociedad Deportiva
Brexo Lema Sociedad Deportiva
Orillamar S.D.
Sporting Cambre
Ortigueira C.F.
Betanzos Club De Fútbol
Imperator OAR
Cultural Maniños
Sporting Ciudad AC y D
C.D. Naron
Bertamiráns Fútbol Club
Soneira S.D.
Sigüeiro F.C.
Club Deportivo Unión
Sociedad Deportiva Flavia
S.D. Fisterra
Tordoia Club de Fútbol
C.D. Bayo
U.D. Bastavales
C.F. Chaian
Club de Fútbol Dumbría
Esclavitude S.D.
Unión Deportiva Val do Ulla
S.D. Esteirana
Praíña Sporting Club

2.- NORMATIVA DA COMPETICIÓN

As normas que regulan o desenvolvemento desta Competición son as seguintes:

PRIMEIRA.- Sistema de eliminatorias. Disputarase polo sistema de eliminatorias a un só encontro, celebrándose no campo do club de menor categoría e en caso de ser da mesma, do club citado en primeiro lugar. Así mesmo e de conformidade entre os Clubs contendentes poderase variar a orde de campos ou designar o neutral que estimen oportuno.

Ao ser as eliminatorias a partido único e ao ter lugar nas instalacións dun dos contendentes, non gozarán de plusvalor os goles que eventualmente marque o equipo visitante
A Final celebrarase en data e campo a determinar pola Federación Galega de Fútbol.

SEGUNDA.- Empates/desempates. En caso de empate, incluída a Final, resolverase a igualdade procedéndose inmediatamente despois da conclusión do partido a unha serie de lanzamentos desde o punto de penalti, de cinco por equipo, alternándose un e outro na execución daqueles, previo sorteo para que o equipo que resulte favorecido polo mesmo elixa

ser primeiro ou segundo nos lanzamentos e debendo intervir futbolistas distintos ante unha portería común. O equipo que consiga máis tantos, será declarado vencedor. Si ambos os contendentes houberen obtido o mesmo número, proseguirán os lanzamentos, en idéntica orde, realizando un cada equipo, precisamente por xogadores diferentes aos que interviñeron na serie anterior, ata que, efectuando ambos os igual número, un deles, marque un tanto máis. Só poderán intervir nesta sorte os futbolistas que se atopen no terreo de xogo ao finalizar o partido, podendo en todo momento calquera deles substituír ao porteiro. Si houberse lugar ao suposto de resolver o resultado por lanzamento desde o punto de penalti e un dos dous equipos tiver no campo, por razón das vicisitudes do partido, menos xogadores que o opoñente, este deberá excluír os que excedan, co fin de que ambos dispoñan de idéntico número, correspondendo ao seu capitán a obriga de comunicar ao árbitro tales extremos.

TERCEIRA.- Inscripción e licenzas federativas. Todos os xogadores que interveñan na “Copa Deputación” deberán estar regulamentariamente inscritos nos seus respectivos Clubs e ter aboada a cota correspondente da Mutualidad de Futbolistas Españóis.

CUARTA.- Número de xogadores e substitucións. Os Clubs presentarán para cada encontro DEZAOITO XOGADORES COMO MÁXIMO, podéndose realizar CINCO CAMBIOS en cada partido. (Incluído o porteiro).

QUINTA.- Árbitros: Serán designados polo Comité Territorial Gallego de Árbitros, por delegación do Comité Nacional, dada a inclusión de Clubs Nacionais.

Percibirán por dereitos de arbitraje como tarifa única a cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250 €), que serán aboados pola Deputación Provincial da Coruña ao Comité Técnico Gallego de arbitros de fútbol, non sendo necesario o pago no campo dos contendentes.

SEXTA.- Horario. A hora de comezo de cada partido fíxase con carácter uniforme para as 19.00 horas (SETE DA TARDE), podendo ser variada previo acordo de ambos os Clubs, e comunicada cunha antelación mínima de DOUS DÍAS á Real Federación Galega de Fútbol.

SÉTIMA.- Prezo das localidades: Establécese a **prohibición de cobrar prezo algún, polo que a entrada aos encontros será ENTRADA GRATUÍTA.**

OITAVA.- Desprazamentos: Os gastos de desprazamento serán sufragados polo club respectivo.

NOVENA.- Réxime disciplinario/ Comité de Competición: De cantas incidencias poidan ocorrer no desenvolvemento deste Torneo, entenderá o Comité Territorial de Competición e Disciplina.

Comunicarase así mesmo aos Clubs participantes, que as sancións que se impoñan aos xogadores expulsados, serán de **SUSPENSIÓN POR ENCONTROS DESTE TORNEO E MULTA**, e as amoestacións comportarán a aplicación da multa correspondente. Tratándose de infraccións cometidas durante o curso do xogo que teñan constancia nas actas ou eventuais anexos ás mesmas, o dereito a formular alegacións e a achegar ou propor medios de proba deberá exercerse nun prazo que precluirá ás 18 horas do seguinte día ao do partido de que se trate.

DÉCIMA.- Incompatibilidades de equipos dependentes e filiais: No caso que participe o equipo principal dun club non poderán intervir neste Torneo os equipos dependentes.

No suposto que participe un equipo filial non se poderán exercer os dereitos inherentes á esta situación, é dicir, ningún xogador do equipo patrocinador poderá ser aliñado en ningún partido do torneo do equipo patrocinador.

UNDÉCIMA.- Trofeos: O Campión e Subcampión da “Copa Excma. Deputación Provincial da Coruña”, recibirán os Trofeos correspondentes doados pola mesma.

DUODÉCIMA.- Sorteio e desenvolvemento do campionato: Os emparellamentos levaranse a cabo, ata onde for posible, seguindo criterios de proximidade e distinta categoría.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incomparecencia, renuncia ou exclusión

A incomparecencia, a retirada e a exclusión dun equipo da competición producirán as seguintes consecuencias:

Considerarase o partido por perdido para o incomparecido, retirado ou excluído sen percepción do premio correspondente, declarándose gañador ao rival.

DÉCIMO CUARTA.- Os resultados, incidencias e notificacións desta competición realizaranse pola páxina web www.futgal.es e a intranet da propia federación.

3. DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN

A competición desenvolverase en cinco eliminatorias e a final (1ª eliminatoria, dezaseisavos, oitavos, cuartos, semifinais e final).

3.1. Primeira eliminatoria: Tomarán parte nesta fase 44 equipos: 11 equipos de Preferente Galicia e 33 equipos de Primeira Galicia.

Emparellándose de inicio entre os equipos da mesma comarca e distinta categoría ata onde fose posible.

Disputaranse 22 partidos e pasan á seguinte fase os 22 equipos vencedores.

3.2. Dezaseisavos. Tomarán parte nesta fase 32 equipos: os 22 equipos vencedores da Primeira Eliminatoria; 2 equipos de preferente Galicia (que non xogaron a primeira eliminatoria), os 7 equipos de Terceira División, e o equipo de Segunda División “B”.

Os equipos de Terceira División e Segunda División “B” separaranse dunha parte, así como os 2 equipos de Preferente Galicia, e os 22 equipos doutra, emparellándose por sorteo puro atendendo o criterio de distinta categoría ata onde fose posible.

Disputaranse 16 partidos e pasan á seguinte fase os 16 equipos gañadores.

3.3. Oitavos de final: Tomarán parte nesta fase os 16 equipos vencedores da fase dezaseisavos que serán emparellados por sorteo puro.

Disputaranse 8 partidos e pasan á seguinte fase 8 equipos vencedores.

3.4. Cuartos de final: Tomarán parte nesta fase os 8 equipos gañadores de oitavos de final, emparellándose por sorteo puro..

Disputaranse 4 partidos e pasan á seguinte fase os 4 equipos vencedores.

3.5. Semifinais. Tomarán parte os 4 equipos vencedores de Cuartos de Final, emparellándose por sorteo puro.

Disputaranse 2 partidos e pasan á seguinte fase os 2 equipos gañadores.

3.6. Final. Disputarán a final os dous equipos vencedores das semifinais.en sede a determinar pola FGF e en data tamén a determinar pola FGF dependente de criterios televisivos.

4. CALENDARIO

A competición desenvolverase logo da adxudicación do contrato da organización e realización da actividade, e rematará o 20 de setembro de 2019.

5. PREMIOS

A Deputación aboará **148.400 €** en premios a os equipos participantes na **“XXXI Copa de Fútbol Deputación da Coruña”**, distribuídos do seguinte xeito:

5.1. Fixo por participar:

2.000 € ao equipo de **2ª División B**

1.500 € a cada un dos **7** equipos de **Terceira División.**

800 € a cada un dos **13** equipos de **Preferente.**

500 € a cada un dos **33** equipos de **Primeira Autonómica.**

5.2. Primeira eliminatoria:

800 € a cada un dos **22** equipos gañadores, que se clasifiquen para **dezaseisavos.**

400 € a cada un dos **22** equipos perdedores.

5.3. Dezaseisavos:

1.200 € a cada un dos **16** equipos gañadores que se clasifiquen para **oitavos de final.**

600€ a cada un dos **16** equipos perdedores.

5.4. Oitavos de final:

1.500€ a cada un dos **8** equipos gañadores que se clasifiquen para **cuartos de final.**

900€ a cada un dos **8** equipos perdedores.

5.5. Cuartos de final

2.000 € a cada un dos **4** equipos gañadores, que se clasifiquen para as **semifinais.**

1.500 € a cada un dos **4** equipos que resulten perdedores.

5.6. Semifinais:

2.400 € a cada un dos **2** equipos gañadores que se clasifiquen para a **final.** -

1.900 € a cada un dos **2** equipos que resulten perdedores

5.7. Final:

8.000€ ao equipo que resulte **campión.**

4.000€ ao equipo que resulte subcampión.

Gasto total en premios: 148.400€.

6. COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN E OBRIGAS DOS CLUBS

Os equipos participantes enviarán á Federación Galega antes do comezo da competición un certificado de compromiso de participación na “XXXI Copa de Fútbol Deputación da Coruña”, no que se especifique: a aceptación das normas que regulan a competición e que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación na mesma.

Unha vez emitido o certificado de compromiso os equipos que se dean de baixa non poderán reclamar ningún premio asignado a esta competición.

Os equipos participantes, coa finalidade percibir os premios, deberán achegar á Real Federación Galega de Fútbol:

As autorizacións para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación nas que se acredita que está ao corrente nas súas obrigas.

A copia do NIF do club

A certificación dos datos da conta bancaria dos clubs participantes (en orixinal, no modelo oficial que figura na páxina web www.dacoruna.gal)

7. PAGOS

7.1. Premios. A Deputación aboará os premios apuntados na base 5 directamente aos equipos participantes, en función da clasificación obtida.

7.2. Arbitraxes. Os gastos de arbitraxes serán aboadas directamente pola Deputación, previa presentación de factura remitida pola entidade correspondente (Comité técnico Gallego de árbitros de fútbol).

8. DIFUSIÓN PUBLICITARIA

En todos os campos de fútbol onde se celebren os partidos colocaranse como mínimo dous valos publicitarios coa lenda/anagrama “Deputación Provincial da Coruña”.

Para acreditar o cumprimento da difusión publicitaria, a entidade adxudicataria do contrato de organización e coordinación, remitira coa xustificación do pago do citado contrato, fotografías dilixenciadas ao dorso, onde conste a identificación do campo e o partido celebrado.